

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 19/01/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 19/01/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12 de xaneiro de 2026, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/0046

No concello está en funcionamento unha máquina pregadoras/seladoras AS-200 na policía local que posúe un servizo de mantemento coa empresa ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ. O período de mantemento actual é do 13/5/2025 ao 12/5/2026.

No concello está en funcionamento unha máquina pregadoras/seladoras AS-350 no departamento de recadación municipal, posúe un servizo de mantemento coa empresa ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ. O período de mantemento actual é do 13/5/2025 ao 12/5/2026.

O Departamento de Informática ten solicitado presupostos do mantemento destas máquinas a outras empresas sen resultado. Polo Xefe do Departamento de Informática propúxose que o mantemento sexa adxudicado á ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ. por ser a empresa que ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar, con cargo á partida 931.213:

1.- A D. ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ, con NIF 04179724-A un servizo de soporte e mantemento da máquina Pregadora/seladora AS-200 situada na policía local para o ano 2026 por un importe de 533,61 € IVE incluído. O período de mantemento é do 13/5/2026 ao 12/5/2027.

2.- A D. ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ, con NIF 04179724-A un servizo de soporte e mantemento da máquina Pregadora/seladora AS-350 situada no servizo de Recadación para o ano 2026 por un importe de 666,71 € IVE incluído. O período de mantemento é do 13/5/2026 ao 12/5/2027.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0047

O Concello de Vilagarcía adxudicou en maio de 2017 a instalación dun sistema de gravación e postminutaxe das sesións do pleno da corporación mediante unha aplicación informática denominada VIDEOACTA.

O soporte e mantemento ofrecidos polo licitador como garantía (soporte, mantemento e hosting) terminaron en setembro de 2019, a partir desa data o Concello adxudicou un contrato de

mantemento e soporte por anos naturais.

A empresa AMBISER INNOVACIONES S.L. presenta un presuposto de mantemento, soporte e hosting para a aplicación informática VideoActa para o ano 2026, por un prezo de 6.336,86 € IVE incluído.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa AMBISER INNOVACIONES S.L.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa AMBISER INNOVACIONES S.L. un servizo de soporte, mantemento e hosting da aplicación informática de videoactas para o ano 2026 por un importe de 6.336,86 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0048

Actualmente están en funcionamento no Concello ás seguintes subscricións de lexislación tanto vía web como en formato papel, coa empresa ARANZADI LA LEY, SAU

1. BB.DD. A Lei Dixital 360, 4 usuarios concorrentes.
2. BB.DD. O Consultor dos Concellos Plus, 4 usuarios concorrentes.
3. BB.DD. O Consultor Facendas Locais, 4 usuarios concorrentes.
4. BB.DD. O Consultor Licenzas Municipais, 4 usuarios concorrentes.
5. BB.DD. O Consultor Contratación Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
6. BBDD Cissonline Atlas Laboral, 4 usuarios concorrentes .
7. BBDD A lei Dixital Doctrina Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
8. BBDD O consultor “Al Día”, 4 usuarios concorrentes.

Plataforma SMARTECA, formada por:

9. Revista On-line Actualidade Administrativa, 15 licencias (usuarios concorrentes).
- 10.Revista On-line O Consultor dos Concellos, 15 licencias (usuarios concorrentes).
- 11.Revista On-line Contratación Práctica Administrativa, 15 licencias (usuarios concorrentes).
- 12.Revista On-line Práctica Urbanística, 15 licencias (usuarios concorrentes).
- 13.Libro dixital Todo Social ADENDA, 15 licencias (usuarios concorrentes).

Aplicacións informáticas vía web:

- 14.Libro dixital Todo Facendas Locais.
- 15.Aplicación informática vía web Complylaw (1 Licenza), para cumprir coas obrigacións do regulamento xeral de protección de datos (RGPD) en canto a documentación avaliación dos tratamentos, informes PIAS etc.

Subscricións en formato Papel:

- 16.A revista O Consultor dos Concellos en formato papel.
- 17.Todo social en formato papel.

Ademais, están en funcionamento os seguintes servizos:

- Unha web personalizada para a consulta de todos os produtos anteriores que se integrará no sistema informático municipal.
- Formación On-line gratuíta sen límite de cursos.
- Personalización das revistas On-line mediante o programa SMARTECA, 15 licencias (usuarios concorrentes).

Unha vez consultados os departamentos usuarios das subscricións anteriores (persoal, secretaria

xeral, contratación, intervención etc.), manifestan o seu desexo e a necesidade de continuar co servizo das consultas de lexislación vía web anteriores.

ARANZADI LA LEY, SAU. distribúe os produtos anteriores en catro apartados que darán lugar a catro facturas, os apartados son os seguintes:

A.- “WES111 Páxina web personalizada”. Esta formado por todas as subscrición agás as identificadas neste informe cos números 15, 16 e 17. A facturación será trimestral e o IVE do 21%.

B.- “ECA2 revista O Consultor dos Concellos en formato papel”. Corresponde á subscrición da revista O Consultor dos Concellos en formato papel, identificada neste informe co número 16 das subscricións contratadas . A facturación será trimestral e o IVE do 4%.

C.- “CLW12 Complylaw”. Corresponde a aplicación informática vía web Complylaw (1 Licenza), para cumprir coas obrigacións do regulamento xeral de protección de datos (RGPD). Está identificada neste informe co número 15 das subscricións contratadas. A facturación será trimestral e o IVE do 21%.

D .- “LAA16 Todo Social”. Corresponde coa revista Todo social en formato papel. Está identificada neste informe co número 17 das subscricións contratadas. A facturación será anual e o IVE do 4%.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa ARANZADI LA LEY, SAU:

1. A renovación do servizo de soporte e subscrición dos produtos de consulta ON-LINE agrupados como "WES111 Páxina web personalizada" para o período do 01/03/2026 ao 28/02/2027 2025, por un importe de 8.653,92 € IVE incluído (21%), con cargo á partida 920.22706.
2. A renovación dunha subscrición en formato papel da revista “ECA2 revista O Consultor dos Concellos en formato papel” para o período do 01/03/2026 ao 28/02/2027 por un importe de 898,64 € IVE incluído (4%), con cargo á partida 920.22706.
3. A renovación dun servizo de soporte e subscrición da aplicación informática vía web “CLW12 Complylaw” (1 Licenza) para o período do 01/03/2026 ao 28/02/2027 por un importe de 1.084,16 € IVE incluído (21%), con cargo á partida 920.22706.
4. A renovación dunha subscrición en formato papel da revista “LAA16 Todo Social” para o período do 30/03/2025 ao 29/03/2026 por un importe de 321,61 € IVE incluído (4%), con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0049

No Concello están en funcionamento tres licencias da aplicación informática AutoCAD LT utilizadas no departamento de urbanismo.

AutoCAD LT é un software de deseño asistido por ordenador (CAD) que se utiliza para debuxar, deseñar e modelar en 2D, está pensado para profesionais que non requiren as funcións avanzadas do software AutoCAD estándar.

Polo Departamento de Informática propónse a renovación dos servizos de subscrición e soporte das tres licenzas da aplicación informática AutoCAD LT 2025 coa empresa ARKANCE SPAIN, S.L., por ser unha empresa especializada en servizos técnicos (partner do fabricante AutoCad).

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ARKANCE SPAIN, S.L., a renovación do servizo de subscrición e soporte anual de tres licenzas da aplicación informática AUTOCAD LT 2025 para o período do 29/01/2026 ao 28/01/2027 por un importe de 1.760,55 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0050

1.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de

albergue/aloxamento web dos seguintes dominios do Concello: vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal.

O Concello conta cun servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de hosting da web institucional do Concello (vilagarcia.es) e dos dominios ivilagarcia.com e vilagarcia.gal, contratados coa empresa Ayco Internet S.L.

2.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, mantemento e hosting (forma de explotación en modo “cloud”) das aplicacións informáticas de correo electrónico, envío grandes ficheiros e limpeza antiSpan. E a renovación da titularidade dos dominios do Concello.

O Concello conta coas seguintes aplicacións informáticas/sistemas, explotadas en modo cloud, contratadas coa empresa Ayco Internet S.L. que deben ser renovados:

- Unha aplicación/sistema de correo electrónico (aloxamento e xestión) sen límite de contas de correo e ata 1TB de ocupación, asociado aos dominios vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal. Se o espazo ocupado é superior a 1 TB, deberá abonarse 130 € + IVE por cada bloque ou fracción adicional de 100 GB ocupados.
- Unha aplicación/sistema de limpeza antiSpan e filtrado SPF para evitar os “autoSpam” no sistema de correo electrónico a nivel de servidor de correo.
- Unha aplicación/sistema de envío de grandes ficheiros.

Ademais é necesaria realizar a renovación da titularidade dos dominios vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal.

3.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, mantemento e hosting da aplicación informática BDoutlook.

O Concello conta cunha aplicación informática denominada BDoutlook (forma de explotación en modo “cloud”), que permite compartir axendas de citas, tarefas e contactos dunha maneira sinxela e inalámbrica, formando grupos de traballo. Esta aplicación é usada polo persoal da alcaldía.

As citas, tarefas etc. pódense ser transmitidas automaticamente á aplicación Outlook vía e-mail.

4.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de albergue/aloxamento web corporativo multi-site.

O Concello conta cun servizo de aloxamento web corporativo para distintos proxectos, coas seguintes características técnicas: 4vCPU, 4 GB RAM, 50 GB de alta velocidade SSD, conexión a internet de 100 Mbps, S.O. Linux, monitorización de puntos críticos, revisión diarios e actualizacións de S.O. coordinadas polo Concello.

Sistemas Preinstalados: servidor web Apache, Servidor MySQL 5.6 ou superior, Versión de PHP 7.0 ou superior, Mod_rewrite para URL amigables, Soporte HTTPS, Servidor PLESK instalado.

Copias de seguridade: Diaria.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa AYCO INTERNET S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa AYCO INTERNET SL, por un importe total de 8.252,20 € (IVE incluído) con cargo á partida 9201.22706, os seguintes servizos:

1.- A renovación dun servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de albergue/aloxamento web dos seguintes dominios do Concello: vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal. para o ano 2026 por un importe de 1.560,90 € IVE incluído.

2.- A renovación dun servizo de soporte, mantemento e hosting das aplicacións informáticas de correo electrónico, envío grandes ficheiros e limpeza antiSpan e renovación da titularidade dos dominios do Concello para o ano 2026 por un importe de 4.452,80 € IVE incluído.

3.- A renovación dun servizo de soporte, mantemento e hosting da aplicación informática BDoutlook para o ano 2026 por un importe de 617,10 € IVE incluído.

4.- A renovación dun servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de albergue/aloxamento web corporativo multi-site para o ano 2026 por un importe de 1.621,40€ IVE incluído.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0054

No Concello está en funcionamento o software ecoSignature utilizado para dar validez xurídica (categoría de sinatura electrónica avanzada) ás sinaturas biométricas recollidas mediante tablets WACON e utilizadas na aplicación de Xestión Tributaria SIT da empresa GTT.

Este sistema utilízase coa finalidade de suprimir a utilización do papel e facilitar e axilizar os trámites que realicen os contribuíntes de maneira presencial.

A aplicación informática de xestión tributaria SIT da empresa GTT, utilizada polo Concello, realiza a validez xurídica das sinaturas biométricas unicamente mediante o software ecoSignature da empresa EDATALIA, polo tanto estamos obrigados a manter as licenzas do software ecoSignature.

O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa EDATALIA DATA SOLUTIONS S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa EDATALIA DATA SOLUTIONS S.L. un servizo de subscripción dunha licenza de dez postos de sinatura do software ecoSignature para o ano 2026 por un importe de 1.087,79 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706. Período de vixencia das licenzas de 09-03-2026 a 08-03-2027.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0075

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria e Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subrede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) á empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A.

Os servizos de soporte e mantemento da aplicación (SIT) ofertados polo adxudicatario finalizaron o 31 de decembro de 2021, a partir desa ata o Concello debe asumir os coste do servizo de soporte e mantemento. O Concello está a realizar unha licitación plurianual destes servizos que se prevé finalice durante o primeiro trimestre de 2026, polo tanto solicitou un presuposto do servizo de soporte e mantemento unicamente para o primeiro trimestre de 2026.

A empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. presenta un presuposto do servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subrede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o primeiro trimestre do ano 2026 de 17.263,08 € IVE incluído.

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria en Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) á empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A. Segundo se indica no prego de características técnicas, a explotación da aplicación será en modo "cloud" no CPD ofertado polo adxudicatario, por un período mínimo de nove meses, unha vez transcorrido este prazo deberase contratar o servizo de explotación en modo "cloud".

A explotación en modo "cloud" inclúe os seguintes servizos: Aloxamento e administración dos servidores, sistema de backup (CPD de respaldo), sistema de copias de seguridades, Administración das BBDD, administración da explotación, sistema de comunicacións, liñas de comunicación directas e redundantes co Concello, sistema EDITRAN, punto de presenza na rede SARA, integración con terceiras administracións e empresas, aloxamento web da sub-sede

tributaria etc.

A empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. presenta un presuposto do servizo de explotación en modo "cloud" da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o primeiro trimestre do ano 2026 de 16.512,62 € IVE incluído.

O Concello está a realizar unha licitación plurianual destes servizos que se prevé finalice durante o primeiro trimestre de 2026, polo tanto, a empresa presenta un presuposto para o primeiro trimestre de 2026, tanto para o servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) e para o servizo de explotación en modo "cloud"

Servizo de mantemento da aplicación, o Concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo tanto o mantemento de SIT só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. . ? O servizo de explotación en modo "cloud" ten que ser prestado polo licitador porque así ven indicado no prego da licitación, una terceira empresa non podería prestar este servizo debido as integracións do código fonte da aplicación con outras administracións, sistema EDITRAN, aplicacións corporativas do concello etc. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. dos servizos de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) e dos servizos de explotación en modo "cloud", para o primeiro trimestre do ano 2026, por un importe de 33.775,70 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706. A facturación deberá ser trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0076

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria e Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática Editran á empresa Indra Soluciones Tecnológicas de la Información S.L.

Editran é un sistema de intercambio electrónico de datos coas entidades bancarias e outras administracións, necesario para o funcionamento da aplicación de xestión tributaria SIT utilizada polo Concello.

O prazo de garantía e mantemento rematou en decembro de 2021, o Concello contratou un servizo de mantemento a partir do ano 2022.

A plataforma EDItran é necesaria para o funcionamento da aplicación de xestión tributaria SIT utilizada polo Concello, debido a que a forma de explotación desta aplicación é modo "cloud", o Concello acordou en X.G.L. de xuño de 2021 a cesión temporal do uso da licenza de EDItran ,propiedade do Concello, á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL SA. (GTT) mentras sexa necesaria para o funcionamento da aplicación e non exista outra solución.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática Editran para o ano 2026 por un importe de 10.098,49 € IVE incluído, con cargo á

partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0077

O antivirus corporativo está instalado en tódolos ordenadores e servidores do Concello, actualízase de xeito centralizado e coordinado, a súa importancia é fundamental para o funcionamento de todo o sistema informático municipal e para a salvagarda e integridade de toda a información.

Neste ano 2026 realizarase un upgrade á versión NEXT EDR Optimum (Kaspersky Next EDR Optimum. 220 licenzas), unha solución que se axusta á normativa do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) para as administracións públicas, xa que engade funcionalidades de cifrado, xestión de parches e contrasinais, securización do correo en MSO365 e funcionalidades EDR

O mantemento inclúe unha formación/consultoría remota de oito horas para tarefas de auditoría e mellora da instalación (Kaspersky embedded system 5 licenzas).

É necesario realizar un contrato de mantemento do antiviru xa que este debe ser actualizado diariamente para o seu correcto funcionamento, ademais son necesarios servizos de soporte en caso de incidencias.

O mantemento ou compra do antivirus non se pode facer directamente cos fabricantes senón a través dun distribuidor, neste caso Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. que foi a empresa vendedora do produto e presta o servizo de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L. a renovación da subscrición das licenzas do antivirus corporativo municipal Kaspersky e un servizo de consultoría remota de oito horas para o ano 2026 por un importe de 7.222,49 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/0044

Vista Orde do 11 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, dentro do denominado programa “Ler conta moito”, resulta que:

- A Biblioteca Municipal cumpre os requisitos establecidos nas bases como posible beneficiaria (integración na Rede de Bibliotecas, horarios establecidos, cumprimento da estatística do 2024...)
- A tramitación do procedemento farase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia sendo o prazo de solicitude no programa do día 12 de xaneiro ó 11 de febreiro, ambos inclusive.
- A contía das axudas non poderá superar o 75% do gasto subvencionable, polo tanto débense financiar con fondos propios do Concallo o 25% de cada actividade programada (como dato indicativo no ano 2025 a cantidade concedida ó Concello foi de 802,46 euros).

Vistas as bases do programa e demais documentación, vista a proposta da Dirección da Biblioteca Municipal a Xunta de Goberno Local, acorda:

- 1.- Solicitar e participar no programa “Ler conta moito” para o ano 2026.
- 2.- Autorizar á Dirección da Biblioteca para levar a cabo as xestións e programacións das actividades correspondentes, dentro do dito programa.

PRP2026/0072

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que indica:

Primeiro.- Que como cada ano, e desde hai xa uns meses, estamos a traballar no proxecto da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026. O Programa de concertos terá lugar entre o 20 e 27 de xuño. Con anterioridade a estas datas celebraranse diferentes actividades correspondentes aos Programas clasclás a pé de rúa, o Programa Pedagóxico e de Masterclasses e o Programa Social e Comunitario.

Para esta vindeira edición introduciremos algunhas novidades tentando que o evento non sexa estático, evolucione, adquira máis solidez e atraia cada vez a diferentes sectores de público, ademais de procurar a modificación paulatina do seu financiamento.

Segundo.- A IX edición do Clasclás nace como o testemuño da consolidación dun proxecto que xa forma parte do ADN cultural de Galicia. Tras acadar a cifra de 5.000 asistentes e unha recadación pola veda de entradas superior aos 19.000,00 €, o festival reafirma a súa madurez institucional e o respaldo absoluto do público. Para este novo ano, o certame evoluciona na súa estrutura, fortalecendo unha rede de programas diferenciados que garanten a calidade artística e o impacto social nas seguintes áreas:

- Programa Sinfónico-Artístico, que constará de sete concertos a desenvolver entre o sábado 20 e o sábado 27 de xuño.
- Programa clasclás matinée, con tres concertos en horario matinal intercalados co Programa Sinfónico-Artístico e que terán lugar en espazos de interese histórico do municipio como a Igrexa de Vistalegre e o Salón García.
- Programa Social e Comunitario, con diversas actividades concretas, unha delas na Residencia Divina Pastora de Vilagarcía e outra no Auditorio Municipal para máis de 400 persoas de capacidades diferentes pertencentes a preto de vinte asociacións da comarca do Salnés.
- Programa Pedagóxico e de Masterclasses, a desenvolver no mes de xuño 2026 para o alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía e sobre as diferentes propostas que realice o profesorado do centro.
- Programa clasclás a pé de rúa, no que o alumnado do Conservatorio e da Escola Municipal de Música saen a rúa e lugares históricos do municipio para tocar as primeiras notas de cada edición, previsiblemente e se é posible a celebrar os días 13 e 14 de xuño.

Para esta IX edición a dirección do festival propón ao Concello de Vilagarcía de Arousa o desenvolvemento do Proxecto que se achega a este documento e no que se indican os concertos a desenvolver dentro de cada programa.

Por outra banda, e en función das subvencións ou convenios que se podan obter para a financiación desta IX edición, poderase engadir ou modificar algunha das propostas que figuran neste proxecto.

Terceiro.- Está previsto que proximamente se proceda á solicitude perante a Intervención Municipal da apertura do Proxecto orzamentario do festival financiado con recursos propios ao que iranse engadindo aquelas subvencións, axudas e patrocinios que o festival poida obter.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026 que terá lugar en Vilagarcía de Arousa entre o 13 e o 27 de xuño de 2026, e que figura como anexo ao informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2026/0045

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras da SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PROMOCIÓN DEL LIBRO, LA LECTURA Y LAS LETRAS ESPAÑOLAS, en relación coa convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva para a promoción da lectura e as letras españolas, correspondente ao ano 2025, facendo constar o seguinte:

PRIMEIRO: A subvención concedida ascende a un total de 19.000 euros.

Os conceptos e contías correspondentes ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, son os recollidos na memoria económica anexa á proposta, e ascenden a un total de 87.192,22 € (ive engadido).

SEGUNDO: Do total da subvención, se realizaría a seguinte distribución en función do total de gasto soportado por cada un dos departamentos:

Departamento	Porcentaxe de gasto soportado	Distribución da subvención
Xuventude	47,37%	9.000,3 €
Cultura	46,51%	8.836,9 €
Turismo	1,03%	195,7 €
Educación	1,24%	235,6 €
Comunicación Social	3,85%	731,5 €

TERCEIRO: O conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA
Consellería de Cultura a través do programa “Cultura no Camiño”.	9.152 €	0 €
Subvencións Deputación de Pontevedra para Actividades de Dinamización da Lingua Galega	4.867,50 € €	4.867,50 €
x	NINGUNHA OUTRA AXUDA	

CUARTO: O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

CONTRATACIÓN

PRP2026/0066

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 13 de outubro de 2025, aprobouse o proxecto denominado “Proxecto construtivo de adecuación dun novo acceso á Vía Verde do Salnés desde a Rúa Charco (Vilagarcía de Arousa – Pontevedra)”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos D. Ricardo Huelga González, da Fundación dos Ferrocarriles Españoles, F.S.P., con un presuposto de execución por contrata (IVE incluído) de 229.981,41€.

Por Providencia de incoación do 15 de outubro de 2025, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 29 de decembro de 2025, acordou adxudicar o contrato de obra denominado “Adecuación dun novo acceso á Vía Verde do Salnés desde a Rúa Charco (Vilagarcía de Arousa - Pontevedra)”, cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, con cargo ao Plan de Sostenibilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa” no marco do Plan Nacional de Sostenibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, á mercantil CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por importe de 165.814,70 € (sin IVA), ao que lle corresponde un IVA (21%) de 34.821,09€, o que totaliza un importe de 200.635,79€ (IVA incluído).

En virtude do establecido na Ley de Ordenación de la Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 83/2025-e “Adecuación

dun novo acceso á Vía Verde do Salnés desde a Rúa Charco (Vilagarcía de Arousa - Pontevedra)”.

PRP2026/0067

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 13 de outubro de 2025, aprobouse o proxecto denominado “Proxecto de Renovación de alumado en paseo marítimo de Vilagarcía e acceso a praias urbanas”, redactado polo inxeniero industrial D. Antonio Capelo García, con un presuposto de execución por contrata (IVE incluído) de 496.370,59€.

Por Providencia de incoación de 21 de outubro de 2025, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 29 de decembro de 2025, acordou adxudicar o contrato de obra denominado “Renovación de alumado en paseo marítimo de Vilagarcía e acceso a praias urbanas”, cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, con cargo ao Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa” no marco do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, á mercantil SETGA, S.L.U., por importe de 406.120,00 € (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 85.285,20€, o que totaliza un importe de 491.405,20 € (IVE incluído).

En virtude do establecido na Lei de Ordenación da Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e ambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Nomear ao Arquitecto Municipal, Don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 84/2025-e “Renovación de alumado en paseo marítimo de Vilagarcía de Arousa e acceso a praias urbanas”.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2026/0078

Visto o expediente de gasto INT/2026/25 integrado pola relación de xustificantes F/2026/3 por importe de 11.613,42€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

O recoñecemento de Obriga, para a relación de facturas N° F/2026/3 por importe de 11.613,42€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/ 2026/17	FACT/ 2026/005	02/01/2026	1.439,90	2314	22610	B15279359	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.	Instalación eléctrica el 31 de diciembre de 2025 en la Plaza del Concello del Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
F/ 2026/26	ASD 260001	01/01/2026	1.990,45	920	22799	B94099496	ASESORAMIENTO Y DE DESARROLLO SOLUCIONES EMPRESARIAIS, S.L.	SERVIZOS DE CONSULTORÍA DE DEPARTAMENTO TÉCNICO () / Servizo: atención ao centro de accesibilidade
F/ 2026/41	F 250091	31/12/2025	2.178,00	2314	22610	E13804711	PRF MUSICA CB	Actuación Somoza Trío - 31 diciembre 2025
F/ 2026/92	284	02/01/2025	1.035,00	2314	22199	35481774L	PAZOS CID, PAULA	1500 BOLSITAS DE UVAS DE GOMINOLA.
F/ 2026/151	126	05/01/2026	3.472,70	926	22602	35473888E	JUEGUEN GARCIA, PABLO	XXV TOMA DAS UVAS O 31/12/2025. PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN STREAMING.
F/	126	05/01/20	1.497,37	926	22602	35476266P	DURAN RECUNA,	XESTIÓN, MANTEMENTO E

2026/153		26					CRISTINA	CREACIÓN DE CONTIDOS RRSS - DECEMBRO 2025. ÁREA DE COMUNICACIÓN SOCIAL.
		TOTAL	11.613,42					

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.